Data envio: 05/04/2019 10:41:27.794

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/04/2019 10:34:33

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/04/2019 10:34:42

Raúl Fernández Fernández na data 05/04/2019 10:34:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/04/2019 10:34:52

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 10:41:51
Nº Rexistro: 48799
Data envio: 05/04/2019 10:41:51.419

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez**, **Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco, Concepción Burgo López** e **Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

A empresa de telemarketing Unitono Servizos Externalizados situada no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello de San Cibrao de Viñas (Ourense), dá traballo na actualidade a 130 persoas, a maior parte delas mulleres. Esta empresa leva prestando nos últimos dez anos dende esta plataforma, o servizo de atención telefónica ao cliente de Gas Natural Fenosa- Energy.

Recentemente dende o Grupo Socialista coñeciamos a través do Comité de Unitono Ourense, que a empresa podía estar xa comezando un proceso de deslocalización do servizo de atención ao cliente a Cataluña e a Colombia, motivos polos cales xa convocou paros e mobilizacións para frear o que podería ser un duro varapau para máis de 130 familias. Cunha repercusión moi importante para unha provincia na que hai moitos factores que seguen lastrando o seu tecido sociolaboral, por exemplo a taxa de actividade, que queda no 47,7 %, a máis baixa de España, moi por baixo da media galega (53,0 %) e española (58,6 %), e a taxa de ocupación que é dun 41,5 %, o que nos sitúa á cola de España onde a media é de 50,1 %, e tamén é a máis baixa de todo Galicia cun 46,6 %.

Observando a situación dos últimos meses, e tras a apertura por parte da empresa dun centro en Cataluña onde atenden as mesmas chamadas que en Ourense, está a tentarse baleirar de traballo este centro para que as chamadas sexan atendidas dende Cataluña ou Colombia, co obxectivo de abaratar custos e destruír emprego. Por outro lado, tendo en conta que gran parte das persoas usuarias dos servizos de Unitono Ourense son galegas, o feito da súa deslocalización impediría, de facto, que puidesen seguir recibindo atención na nosa lingua.

Este tipo de situacións véñense repetindo estes últimos anos no sector do telemarketing, sufrindo as traballadoras a presión da deslocalización dos servizos a países con salarios máis baixos, o que provocou centos de despedimentos en

CSV: BOPGDSPGYXiYIOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

moitas compañías (en Galicia, por exemplo, en Atento ou Extel), ademais a situación de precariedade laboral que se vive no conxunto da sociedade, é aproveitada por estas empresas para ofrecer menos garantías laborais ao seu persoal. De feito, a continuidade en Ourense da propia Unitono Servizos Externalizados leva anos en risco, sufrindo o seu persoal xa o ano 2013 un ERTE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver todas as actuacións de mediación precisas con Unitono Servizos Externalizados e Gas Natural Fenosa-Energy, para garantir o mantemento dos postos de traballo do centro situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, situtado no concello ourensán de San Cibrao das Viñas.
2. Esixir o mantemento dos servizos de atención ao cliente de Gas Natural Fenosa-Energy no centro ubicado no Parque Tecnolóxico de Galicia, ubicado no concello de San Cibrao das Viñas, garantindo en todos os casos o pleno respecto ao dereito dos cidadáns e cidadás a expresarse e recibir atención en lingua galega.
3. Poñer en marcha un plan que mellore as condicións do sector do telemarketing a medio e longo prazo para garantir o seu mantemento e progresión en Ourense, e evitar así a súa deslocalización e traslado.

Pazo do Parlamento, 05 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/04/2019 10:35:02

Patricia Otero Rodríguez na data 05/04/2019 10:35:09

Julio Torrado Quintela na data 05/04/2019 10:35:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/04/2019 10:35:22

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 10:41:51
Nº Rexistro: 48799
Data envio: 05/04/2019 10:41:51.419

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/04/2019 10:35:27

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/04/2019 10:35:33

Raúl Fernández Fernández na data 05/04/2019 10:35:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/04/2019 10:35:44

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 11:52:53
Nº Rexistro: 48849
Data envio: 08/04/2019 11:52:53.149

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Os Socialistas consideramos prioritario que se destinen recursos a cubrir as carencias de persoal: PSX, de enfermería, auxiliar, médico, pediatría ….. no sistema sanitario público galego, non obstante, non podemos deixar de observar e denunciar o deficiente estado que presenta o edificio que alberga o Centro de Saúde de Foz, que amosa un estado deplorable e unha falta de mantemento escandalosa.

Desde a súa construción e posterior ampliación, no exterior do edificio non se fixo ningún labor de limpeza e mantemento. Cunha simple ollada ao edificio do Centro de Saúde obsérvase o deterioro, así como as condicións de insalubridade nas que se atopa, debido aos verdíns e mofos que invaden o exterior da edificación, incumprindo así, por outra banda, as máis mínimas condicións de ornato que debe presentar calquera edificio público.

Xa que o Goberno do señor Feijóo anunciou que vai investir máis de medio millón de euros en poñer rótulos que definan como públicos diferentes hospitais, máis prioritario debería ser facerse cargo de manter os edificios existentes, que coma no caso do Centro de Saúde de Foz necesitan actuacións urxentes de mantemento.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que realice unha valoración das deficiencias que presenta o Centro de Saúde de Foz, e que leve a cabo os labores de mantemento necesarios no dito centro.

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2019

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 11:52:53
Nº Rexistro: 48849
Data envio: 08/04/2019 11:52:53.149

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/04/2019 11:48:56

Julio Torrado Quintela na data 08/04/2019 11:49:06

Noela Blanco Rodríguez na data 08/04/2019 11:49:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/04/2019 11:49:34

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 13:55:17
Nº Rexistro: 48857
Data envio: 08/04/2019 13:55:17.299

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.**

Exposición de motivos

O día 4 de abril de 2018 preguntamos en Comisión ao Director Xeral do IGVS sobre a situación do polígono industrial 106 de Ribadavia. Fixémolo porque unha parte moi importante das parcelas do parque empresarial de Ribadavia, promovido polo IGVS, atopábanse vendidas e adquiridas por propietarios que non chegaron a construír nin investir nel, dándose unha situación onde a pesar de que na realidade hai moi poucas parcelas con empresas funcionando, tampouco existe solo dispoñible para que se instalen as que queiran levar a cabo unha actividade económica.

A realidade é que as licitacións do Xestur conlevan condicións impostas que procuran na teoría evitar isto, fixando límites temporais para a edificación das parcelas licitadas, que salvo por causas debidamente xustificadas son tres anos dende a data da formalización da compra-venda.

Naquela resposta o Director Xeral afirmou que había 13 parcelas sen edificar, das cales 8 xa non cumpriran os prazos marcados para edificar, e 5 aínda estaban en prazo.

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 13:55:17
Nº Rexistro: 48857
Data envio: 08/04/2019 13:55:17.299

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Para Ribadavia e a comarca é moi importante contar con solo industrial e empresarial e para a sociedade é importante que non se utilice dito solo para especular senón para fomentar a economía produtiva.

Pola información que nos consta, tanto do eido local, coma da que consta na páxina web de Xestur, a situación non mudou e segue a existir o mesmo problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1) Tomar as medidas pertinentes para que se cumpran as condicións impostas na licitación das parcelas do Polígono Empresarial 106 de Ribadavia no que ten que ver coa edificación nos prazos determinados en ditas parcelas.

2) Que se estableza un diálogo institucional co Concello de Ribadavia para levar a cabo as accións necesarias para poñer a disposición unha bolsa de solo suficiente para as empresas que queiran realizar unha actividade económica na zona.

3) Tomar as medidas pertinentes para a ampliación da fase 3 de dito polígono empresarial, unha vez se fagan cumprir as condicións impostas na licitación das parcelas que non cumpriron os prazos marcados para edificar.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 13:55:17
Nº Rexistro: 48857
Data envio: 08/04/2019 13:55:17.299

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Vicevoceiro e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 08/04/2019 13:48:51

Marcos Cal Ogando na data 08/04/2019 13:49:00

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2019 17:02:34
Nº Rexistro: 48903
Data envio: 09/04/2019 17:02:34.197

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

Exposición de Motivos:

Nas últimas semanas coñecíamos a decisión da Seguridade Social de negarlles ao colectivo profesional das redeiras a posibilidade de ver adiantado a súa idade de xubilación polo impacto que o desenvolvemento da súa actividade laboral xera na súa saúde.

Nunha resolución que causou indignación entre estas traballadoras do mar, das cales o 84% do total son mulleres, este organismo dependente do Ministerio de Emprego do Goberno de España, rexeitaba autorizar o inicio do procedemento para recoñecer un coeficiente redutor para elas.

Para a presidenta da Asociación Nacional de Mujeres de la Pesca (Anmupesca) “este ditame devolve ás redeiras á invisibilidade da hai varias décadas”, todo a pesar da multitude de avances que se protagonizaron nos últimos anos.

A este grupo parlamentario dálle a sensación, e xa non é a primeira vez, que o goberno de Pedro Sánchez totalmente a realidade do sector da pesca, ou canto menos non lle interesa. Non sabe ou non lle interesa os prexuízos e dificultades que o desenvolvemento da actividade das redeiras supón para o seu corpo, pero a Galicia si lle interesa, e o Goberno galego leva traballando dende hai moito tempo en estudos que certifican a necesidade de establecer un coeficiente redutor nesta actividade profesional.

Hai máis de 25 anos que a Xunta de Galicia comezou a traballar a prol do paso máis importante que se puido dar, que foi o da profesionalización tanto das mariscadoras como das redeiras, as empacadoras e comercializadoras.
No relativo á prevención de riscos laborais, son moitos os estudos que se teñen levado adiante: “Estudo de Saúde Laboral das redeiras de Galicia” en 2012, “La vigilancia de la Salud en el Sector pesquero”, feito polo ISSGA e polos seus homólogos do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2019 17:02:34
Nº Rexistro: 48903
Data envio: 09/04/2019 17:02:34.197

Pero sen dúbida, o máis importante, pola extensión e a precisión do seu contido, é o titulado “Estudo Epidemiolóxico: Redeiras e percebeiros a pé”, feito pola propia Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

En definitiva, entendemos que a través destes estudos téñense fixados tanto as condicións nas que as redeiras realizan o seu traballo, os elementos que inciden na realización do mesmo e as patoloxías que afectan a dito colectivo.

Con todo, sabemos que a Xunta de Galicia anunciou a intención de propoñer a revisión destes coeficientes unha vez que se aprobase a proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se definen as características dos barcos de pesca.

Feito este traballo de revisión, sería positivo iniciar esta redefinición dos COES xa que seguen existindo anacronismos (presenza de buques baleeiros), agravios comparativos (dous buques no mesmo caladoiro e pescando coa mesma arte poden ter coeficientes diferentes) e faltas de presenza (redeiras) ou de deficiente recoñecemento (percebeiros ou tripulantes de buques de baixura) que é preciso corrixir.

Polo exposto, os Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

1. Crear, dentro do Consello Galego de Pesca, un grupo de traballo no que se definan os criterios para adecuar os coeficientes redutores á realidade actual do sector.

2. Trasladar ao Parlamento de Galicia os resultados e acordos acadados no grupo de traballo para a súa consideración e apoio.

3. Demandar do Goberno Central unha análise profunda, tendo en conta os resultados do ditame do Consello Galego de Pesca e en virtude dos criterios para os que foron creados os COES, da situación dos coeficientes redutores para determinar cal sería o coeficiente que se axuste ás necesidades e circunstancias das persoas que cotizan dentro do Réxime Especial do Mar, dentro dun proceso amplo de redefinición dos COES de forma xeneralizada que tería como obxectivo adaptalos ás novas circunstancias da frota e das diferentes actividades marítimo-pesqueiras.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2019 17:02:34
Nº Rexistro: 48903
Data envio: 09/04/2019 17:02:34.197

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

4. Solicitar ao Goberno Central que canto antes revise a redefinición dos COES para as redeiras, tendo en conta a incomodidade no desenvolvemento da súa actividade, as como as condicións climatolóxica nas que a exercen ou os sobreesforzos que conleva o seu traballo, o que lles provoca enfermidades musculares e esqueléticas.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/04/2019 16:55:04

Teresa Egerique Mosquera na data 09/04/2019 16:55:20

María Ángeles Garcia Míguez na data 09/04/2019 16:56:20

Alberto Pazos Couñago na data 09/04/2019 16:56:37

Martín Fernández Prado na data 09/04/2019 16:56:52

Jaime Castiñeira Broz na data 09/04/2019 16:57:04

Marta Rodriguez Arias na data 09/04/2019 16:57:19

María Soraya Salorio Porral na data 09/04/2019 16:57:32

Daniel Vega Pérez na data 09/04/2019 16:57:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2019 18:00:53
Nº Rexistro: 48911
Data envio: 09/04/2019 18:00:53.565

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

No mes de marzo de 2018 contestaba o Goberno galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, á pregunta número 25503, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre "o estado de execución no que se atopa o acordo parlamentario referido á realización dunha análise da viabilidade de crear un enlace directo entre a autovía Costa da Morte e o polígono industrial de Vimianzo, en dirección Camariñas, as súas conclusión e as previsións do Goberno galego ao respecto":

"A Xunta de Galicia licitou o 31 de marzo de 2017 o contrato de servizo para a redacción do proxecto construtivo da 'Primeira fase da prolongación da Autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC432'. O contrato adxudicouse o 24 de xullo de 2017 por un importe de 118.800,30 € (IVE incluído), atopándose a día de hoxe en redacción.

En canto á posible incorporación dun enlace co polígono industrial de Vimianzo, á data de hoxe estanse a elaborar as conclusións da análise de viabilidade da dita incorporación."

Seis meses despois repetíase a pregunta, por parte do mesmo grupo parlamentario, e a resposta do Goberno, foi:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 25503, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 286, do 2 de abril de 2018."

Podemos entender que transcorridos seis meses, o Goberno galego non tiña avanzado absolutamente nada para dar cumprimento ao acordo parlamentario do 10 de marzo de 2017, que establecía, entre outras cuestións: "... analizando a viabilidade debe incorporar un enlace co polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas ...".

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2019 18:00:53
Nº Rexistro: 48911
Data envio: 09/04/2019 18:00:53.565

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Todo isto a pesar dos cambios acontecidos, como a chegada de Estrella Galicia a Vimianzo que vai supoñer un incremento de tráfico na vila. Por parte do Goberno galego, segue sen atenderse a necesidade de crear un acceso directo da autovía da Costa da Morte ao parque empresarial que tería por obxecto, evitar o grave problema de tránsito rodado, que se verían obrigados a saír na AC 432, entrando en casco urbano, xirar á esquerda, entrar en pleno centro urbano de Vimianzo, e xirar á esquerda para coller a AC- 552. Trátase ademais dun xiro con moi pouca visibilidade e bastante perigoso, xa que alí están estacionados os furgóns de correos. Isto de ser así, crearía un gravísimo problema de tránsito rodado, tendo que entrar en casco urbano todo tránsito que proceda da zona norte (Coruña, Ferrol, Santiago e Madrid). Algo que non ocorre na actualidade coa AC 552.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a executar, dentro do ano 2019, o acordo parlamentario do 10 de marzo de 2017, que establecía, entre outras cuestións: "... analizando a viabilidade debe incorporar un enlace co polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas ...".

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2019 17:52:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/04/2019 17:52:51

María Luisa Pierres López na data 09/04/2019 17:52:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2019 17:53:10

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48934
Data envio: 09/04/2019 19:19:04.933

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda** e dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A precariedade atravesa o conxunto do sector do telemarketing. Este caracterízase polos baixos salarios, por altas taxas de rotación, e ademais pola ameaza constante de posibles despedimentos.

As razóns son múltiples, pero sen dúbida unha das destacables é a deslocalización, empregada polas empresas para abaratar aínda máis os custes a costa dos dereitos laborais.

A empresa Unitono, situada no Parque Tecnolóxico de Ourense, no Polígono de San Cibrao de Viñas, que conta con 130 traballadores e traballadoras no seu cadro de persoal, non quere comprometerse nin garantir a estabilidade do traballo no centro de Ourense.

A ameaza de peche deste centro percíbese polas traballadoras pola perda de funcións e pola baixada de chamadas que están observando, debido á apertura doutras plataformas fóra de Galicia.

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Isto faino coa complicidade de Naturgy, que é a empresa para a que se prestan os servizos, e que, non podemos esquecer que se lucra da explotación dos nosos recursos naturais.

O cadro de persoal de Unitono xa se reduciu nos últimos tempos, xa que chegou a estar composta por 250 persoas. Ademais, no ano 2013, a empresa atravesou dificultades que remataron con un ERTE.

Nos últimos 10 anos o servizo de atención telefónica ao cliente de Naturgy estívose xestionando desde a plataforma en Ourense. A única lóxica para rematar con isto é a de abaratar custos, tendo como consecuencia a destrución de emprego, nunha zona que xa ten unha porcentaxe de paro moi elevado.

Unitono está facendo todo isto de maneira opaca e sen trasladar a información necesaria á representación dos traballadores, algo que xa solicitaron en reiteradas ocasións.

A deslocalización impediría tamén que a atención se puidera proporcionar na nosa lingua, algo que debe terse en conta á hora de defender o emprego no País. Ante esta nova ameaza, que se suma a problemática do sector, urxe tomar medidas.

Outra das causas deste modelo baseado na precariedade son as últimas reformas laborais que supuxeron a perda de dereitos para os traballadores e traballadoras e facilitaron a redución de salarios, os despedimentos e a inestabilidade.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48934
Data envio: 09/04/2019 19:19:04.933

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1. Adoptar un papel activo de mediación a través da Consellería competente para acadar un acordo estable entre a patronal do sector do telemarketing e a representación das traballadoras que mellore as condicións laborais, suba os salarios, reduza a temporalidade e limite o abuso da subcontratación.

2. Esixirlle a Unitono e a Naturgy que garantan o emprego no centro de Ourense, situado no polígono de San Cibrao de Viñas, ao non existir razóns obxectivas de redución.

3. Manter un contacto constante coa representación das traballadoras de Unitono de Ourense e a patronal das empresas co fin de evitar a deslocalización.

4. Instar ao Goberno do Estado a derrogar as últimas reformas laborais que supoñen unha perda de dereitos para as traballadoras e traballadores.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Luca Chao Pérez
Anxeles Cuña Bóveda
Francisco Casal Vidal
Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Deputadas, deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 09/04/2019 19:05:43

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48934
Data envio: 09/04/2019 19:19:04.933

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luca Chao Pérez na data 09/04/2019 19:05:53

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/04/2019 19:06:00

Francisco Casal Vidal na data 09/04/2019 19:06:07

David Rodríguez Estévez na data 09/04/2019 19:06:15

Luis Villares Naveira na data 09/04/2019 19:06:23

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48943
Data envio: 09/04/2019 19:38:26.547

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á petición de indulta ao Goberno español para o veciño de Carnota Manuel Antonio Martínez Lustres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Manuel Antonio Martínez Lustres, Manuel de Talelo, é un veciño de Lira (Carnota) que se enfronta ao momento máis delicado da súa vida tras ser condenado a 3 anos de prisión tras un incidente cun furtivo da bisbarra.

O grupo de furtivos implicado no altercado con Manuel acumula unha serie de conflitos e causas polo espolio dos recursos pesqueiros e marisqueiros da Costa da Morte e o Barbanza, e tamén por episodios de violencia derivados desta e doutras actividades ilícitas.

Despois da decisión da Xunta de retirar o financiamento do servizo de vixilancia da Reserva Mariña dos Miñarzos (Lira), o furtivismo comezou a operar na área tras anos controlado, e moi particularmente, o grupo implicado neste incidente, que se caracteriza por ser moi perigoso e estar ben preparado. Tras unha das súas incursións ilegais para faenar na reserva en 2013, sendo de madrugada e

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48943
Data envio: 09/04/2019 19:38:26.547

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aproveitando a ausencia de vixilancia, foron confrontados polo colectivo de percebeiros profesionais que faenan legalmente na localidade, entre os que se atopaba o seu presidente, Manuel Antonio Martínez Lustres, coa intención de expulsalos da reserva.

Esa mesma noite o grupo de furtivos presentouse no domicilio de Manuel, ante o que causaron fortes disturbios. Ao non lograr o seu obxectivo de confrontalo, retornaron a Lira días despois, localizando a Manuel na súa caseta, onde si o lograrían confrontar para ameazalo e intimidalo.

Vendo ameazada a súa integridade, Manuel, perfectamente integrado na sociedade e sen ningún antecedente previo, defendeuse co único que tiña a man (un apeiro de marisqueo) dunha agresión máis que segura, ferindo a un dos atacantes cando o trataban de acurralar na súa propia caseta, e ocasionándolle lesións das que o furtivo tardou varios meses en recuperarse.

Manuel fíxose cargo do custe da asistencia sanitaria que o ferido precisou, resarcindo en gran medida o posíbel prexuízo económico que lle puido causar. Porén, o proceso xudicial seguido ante a Audiencia Provincial da Coruña rematou cunha sentenza condenatoria a tres anos de cadea, ratificada no TSXG e actualmente en trámite de execución, polo que o ingreso de Manuel na cadea é inminente.

Considerando que as razóns da conduta de Manuel así como as súas circunstancias persoais e familiares fican plenamente acreditadas, o seu ingreso na cadea non fai senón causarlle un terríbel prexuízo persoal e familiar; porén non ocasiona ningún resarcimento ou ben a ninguén.

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48943
Data envio: 09/04/2019 19:38:26.547

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto motivou que a veciñanza de Lira, de Carnota e da bisbarra reaccionase axiña contra a inxustiza de que un dos seus veciños deba entrar na cadea polo feito de defender o seu medio de sustento e a súa vida do furtivismo que opera impunemente na zona.

Nun incidente ante o que non cabería agardar outra reacción que a defensa propia ante as ameazas e intimidacións dun grupo de persoas completamente afeitas a andar en leas, que non amosan ningún tipo de escrúpulo nin tampouco asumen ningunha responsabilidade polos seus actos.

Por outra parte Manuel non deixa de ser unha vítima das políticas de recorte que deixaron desprotexida un dos espazos de cría de peixe e marisco máis sensíbeis da costa galega, obrigando a que os propios profesionais se deban ocupar da súa vixilancia e protección de xeito completamente precario, e logo dos desaprensivos que apuran a aproveitarse desa desatención para faenar ilicitamente.

Esta situación suscitou unha masiva resposta de apoio do seu pobo, mesmo coa convocatoria dunha Concentración de apoio no porto de Lira. Tamén a corporación municipal do Concello de Carnota, vén de aprobar unha iniciativa por unanimidade de apoio e a posta en marcha a solicitude de concesión discrecional de indulto dirixida ao Consello de Ministros, e que xa foi secundada pola maioría das entidades sociais, culturais e profesionais do municipio.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48943
Data envio: 09/04/2019 19:38:26.547

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a solicitar ao Consello de Ministros do Goberno español a concesión discrecional de INDULTO para Manuel Antonio Martínez Lustres en relación á pena que se lle impuxo en autos de Procedemento Abreviado nº 121/2016 seguidos ante a Ilma. Audiencia Provincial da Coruña Secc. nº 1, na actualidade en trámite de Executoria co nº 18/2019."

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2019 19:37:56

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2019 19:38:04

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48943
Data envio: 09/04/2019 19:38:26.547

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/04/2019 19:38:06

Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2019 19:38:07

Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2019 19:38:09

Xosé Luis Bará Torres na data 09/04/2019 19:38:10

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:10:03
Nº Rexistro: 48962
Data envio: 10/04/2019 12:10:03.637

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O deficiente grao de cumprimento por parte do Goberno galego dos seus propios plans normativos anunciados tanto para o ano 2017 como para 2018 foi obxecto das correspondentes preguntas e propostas por parte do Grupo Parlamentario Socialista, para coñecer as causas e valoración deste grave deterioro da súa capacidade de iniciativa lexislativa, instándolle a corrixir esta situación.

A día de hoxe o Goberno galego non ten dispoñible no Portal de Transparencia o necesario informe de seguimento do plan normativo de 2018, comprobando novamente a incapacidade lexislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei que sistematicamente vén anunciando.

Transcorrido ademais o primeiro trimestre de 2019, non coñecemos as previsións normativas do Goberno galego para este ano.

Vémonos así de novo na obriga de requirir do Goberno galego que asuma os seus propios compromisos lexislativos, sendo polo demais unha esixencia legal en materia de procedemento común para todas as administracións públicas.

Seguimos así diante da lexislatura de máis baixa iniciativa lexislativa por parte do Goberno galego.

Ante esta preocupante situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a mellorar substancialmente o grao de cumprimento da súa planificación normativa.

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2019

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:10:03
Nº Rexistro: 48962
Data envio: 10/04/2019 12:10:03.637

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/04/2019 12:00:12

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/04/2019 12:00:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/04/2019 12:00:31

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:41:01
Nº Rexistro: 48990
Data envio: 10/04/2019 12:41:01.582

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través do seu deputado **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Social de Galicia (CEESG), que agrupa a profesionais da Educación Social, fixo público a través dun comunicado a súa situación actual coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as convocatorias de educador/a das OPE de 2017 e de 2018 que se están a negociar.

Nel manifestan a indignación pola falta de atención e recibimento por parte da Consellería de Política Social da Xunta no mes de outubro de 2018, petición que se reiterou en marzo pasado, delegando a atención ao colectivo nalgunha dirección xeral.

Tamén amosan a disconformidade coa negociación das bases dos procedementos selectivos de educador/a de novo ingreso nas OPE de 2017 e de 2018 da Xunta sen contar co CEESG como entidade interlocutora, tan sequera no dereito a ser oída, o que suporá unha cronificación da situación deste colectivo así como a vulneración de dereitos e deberes das profesionais da educación social na administración. Precisan os e as 4200 profesionais deste colectivo un recoñecemento á formación e que se traduza na creación dos postos de traballo específicos e con garantías de respecto dos seus dereitos.

A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores

CSV: BOPGDSPGYXiYIOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:41:01
Nº Rexistro: 48990
Data envio: 10/04/2019 12:41:01.582

especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinación social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da Educadora e do Educador Social.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear a especialidade de persoal de Educación Social dentro da escala de persoal técnico facultativo dos Servizos Sociais, a través da modificación da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

2. Inserir cláusulas nas bases das licitacións das adxudicación a entidades públicas ou privadas dos centros xuvenís e de reforma que convoca a Consellería para que se adapten ao disposto no III Convenio Colectivo Estatal de Reforma xuvenil e Protección de menores.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: BOPGDSPGYXiYIOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:41:01
Nº Rexistro: 48990
Data envio: 10/04/2019 12:41:01.582

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/04/2019 12:39:16

Paula Vázquez Verao na data 10/04/2019 12:39:23

Carmen Santos Queiruga na data 10/04/2019 12:39:28

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 17:37:32
Nº Rexistro: 49016
Data envio: 10/04/2019 17:37:32.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a redución dos prezos de matrícula dos mestrados en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a implantación do coñecido como Plan Boloña, isto é, a adaptación do sistema universitario galego ao Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES), en Galiza tense imposto o modelo denominado modelo 4+1.

Nese marco, as antigas licenciaturas e diplomaturas desapareceron para, cursando os mesmos anos, dar paso a títulos de catro anos de grao e un de mestrado o que encareceu o custe dos estudos universitarios para o estudantado e as súas familias.

Actualmente, en Galiza, o prezo medio dos mestrados oscila entre os 1.300 e 1.900 euros agás naqueles de carácter habilitante, é dicir, indispensábeis para exercer determinadas profesións, como a docente. Estes últimos viron equiparadas as súas matrículas ás de grao no curso 2018-2019.

Avanzar no acceso en condicións de equidade aos estudos universitarios é unha cuestión de xustiza social, máis aínda cando o Estado español abriu a porta á convivencia do modelo 4+1 co 3+2, posibilitando ás Universidades (públicas e

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 17:37:32
Nº Rexistro: 49016
Data envio: 10/04/2019 17:37:32.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

privadas) ofertar graos de tres anos e mestrados de dous, de acordo co RD 43/2015, masivamente rexeitado pola comunidade educativa desde a súa aprobación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza, previo diálogo coas Universidades públicas galegas e de común acordo con estas, a reducir os prezos de matrícula de todos os mestrados que se ofertan no SUG para os equiparar aos títulos de grao. Calquera mudanza irá acompañada da correspondente compensación orzamentaria pola vía do Plan galego de financiamento do SUG."

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 17:37:32
Nº Rexistro: 49016
Data envio: 10/04/2019 17:37:32.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2019 17:16:45

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2019 17:16:50

Ana Pontón Mondelo na data 10/04/2019 17:16:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/04/2019 17:16:53

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2019 17:16:55

Xosé Luis Bará Torres na data 10/04/2019 17:16:56

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 10:15:05
Nº Rexistro: 49027
Data envio: 11/04/2019 10:15:05.512

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López e** do seu deputado **Luis Álvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

O Estatuto de Galicia no seu artigo 5 afirma o seguinte:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

A Lei 3/1983 de 15 de xuño, de normalización lingüística, concreta e amplía os dereitos da cidadanía para utilizar a lingua galega en todos os ámbitos da vida, e claramente nas súas relacións con todas as administracións públicas.

Pero os dereitos lingüísticos non sempre se respectan en Galicia como pon de manifesto o último informe sobre a aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, así como as queixas frecuentes da cidadanía sobre actuacións das administracións públicas, tanto estatais como autonómicas e locais que en xeral se fan chegar aos órganos da Xunta de Galicia con competencia en materia lingüística, solicitando que cumpra a súa obriga legal e defenda o dereito ao uso da lingua galega tomando as medidas correctoras necesarias.

CSV: BOPGDSPGYXiYIOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 10:15:05
Nº Rexistro: 49027
Data envio: 11/04/2019 10:15:05.512

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Mais é imposible coñecer o alcance e intensidade de estas queixas e tampouco as medidas que toma a Xunta de Galicia para restaurar os dereitos lingüísticos e para cumprir a importantes tarefas legais que tanto o Estatuto como a Lei de normalización lingüística lle confire, o que nos priva dunha información relevante para coñecer e avaliar a convivencia entre as dúas linguas e detectar as áreas de maior conflitividade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguintes:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no prazo máximo de tres meses, elabore e presente en sede parlamentaria un informe no que se detalle o número de denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos ante os servizos competentes por dificultar o uso dalgunha das linguas oficiais de Galicia por parte de administracións ou entidades públicas situadas en Galicia incluídos os órganos xudiciais, e das empresas e servizos privados, o tipo de resposta ofrecido e, no seu caso, as medidas adoptadas para reparar a vulneración do dereito dos cidadáns á libre elección de lingua."

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/04/2019 10:12:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/04/2019 10:12:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/04/2019 10:12:54

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 11:06:04
Nº Rexistro: 49031
Data envio: 11/04/2019 11:06:04.727

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A *Lista Roja del Patrimonio* é unha iniciativa da Asociación Hispana Nostra, que naceu no ano 2007, que ten por obxecto dar a coñecer e protexer aquela parte do patrimonio cultural e natural español en estado de abandono ou perigo, e polo tanto, en risco de desaparición, destrución ou alteración esencial dos seus valores.

A casa reitoral de Corcoesto acaba de ser incluída na *Lista Roja del Patrimonio*, indicando que existe risco de "derrube das cubertas da casa reitoral e pombal". Establece ademais que "a casa é un claro exemplo da arquitectura tradicional das casas reitorais que se construíron na comarca de Bergantiños".

Hai que ter en conta que nesa comarca un dos atractivos turísticos é o patrimonio cultural e arquitectónico, e unha boa parte del está formado por bens de carácter relixioso. É tal a súa importancia que mesmo por parte do Concello de Cabana se están a acometer actuacións para mellorar os tramos de acceso, pero non deixa de ser preocupante porque se espera un incremento da afluencia turística, pero non se están a tomar as medidas de seguridade necesarias nin por parte do Goberno galego, nin da Diocese de Santiago que non levou a cabo ningunha actuación para evitar os potenciais riscos para a seguridade das persoas que visitan a construción.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a establecer, na maior brevidade posible, un convenio coa Diocese de Santiago para levar a cabo as obras de rehabilitación necesaria na casa consistorial e pombal de Corcoesto co fin de eliminar o potencial perigo para as persoas visitantes ante o risco de derrube.

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2019

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 11:06:04
Nº Rexistro: 49031
Data envio: 11/04/2019 11:06:04.727

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 11/04/2019 11:02:32

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/04/2019 11:02:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/04/2019 11:02:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/04/2019 11:03:05

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 13:06:51
Nº Rexistro: 49039
Data envio: 11/04/2019 13:06:51.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que detectado un lume nun distrito determinado a motobomba non pode saír ou pode saír dependendo de quen estea de turno. E isto todo porque as baixas non se cubren.

E outro tanto acontece con xefes de brigada, brigadistas, emisoristas... é dicir, é un mal xeralizado nos efectivos contraincendios. Téñense dado casos de haber máis efectivos de baixa ca operativos.

Outro tanto acontece coas xubilacións, habendo neste momento preto de 150 prazas sen cubrir.

Todo indica que é unha tendencia consolidada da Administración e ós datos nos remitimos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 13:06:51
Nº Rexistro: 49039
Data envio: 11/04/2019 13:06:51.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a cubrir as baixas do persoal do SPDCIF á maior brevidade para mante-lo servizo operativo ó 100%."

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2019 13:02:17

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2019 13:02:21

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2019 13:02:23

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2019 13:02:26

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 13:06:51
Nº Rexistro: 49039
Data envio: 11/04/2019 13:06:51.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2019 13:02:28

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2019 13:02:29

CSV: BOPGDSPGYXiYlCw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:34:38
Nº Rexistro: 49075
Data envio: 11/04/2019 16:34:38.910

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª**, relativa a elaboración dun protocolo de dislexia igual que se fixo co TDAH.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dislexia é unha alteración de orixe neurobiolóxica, a miúdo xenética, que interfire na adquisición e o procesamento da linguaxe. É de gravidade variábel e maniféstase polas dificultades na linguaxe receptiva e expresiva, incluído o procesamento fonolóxico, a lectura, a escrita, a ortografía, a caligrafía e por veces a aritmética.

Caracterízase porque as adquisicións da persoa no ámbito da lectoescrita atópanse moi por debaixo do nivel esperado en función da súa intelixencia e a súa idade cronolóxica. É un problema de tipo cognitivo que afecta a aquelas habilidades lingüísticas asociadas á escrita, á memoria a curto prazo, á percepción e á secuenciación.

Os nenos e nenas disléxicos deben poñer tanto esforzo nas tarefas de lectoescrita que tenden a se fatigar, a perder a concentración, a se distraer e a rexeitar este tipo de tarefas. Ás veces pais, nais e profesorado procesan esta conduta como desinterese e presionan para acadar maior esforzo, sen comprender que estes rapaces/zas, realizando estas tarefas, síntese como se de súpeto, calquera de nós, nos viramos mergulladas nunha clase de escrita chinesa.

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:34:38
Nº Rexistro: 49075
Data envio: 11/04/2019 16:34:38.910

Existen ferramentas que se poden recoller nun protocolo para poder detectar este trastorno de aprendizaxe e poder actuar na aula. O alumnado con dislexia pode aprender e ter éxito, tan só debemos saber e coñecer como afecta este trastorno ao seu proceso de aprendizaxe, como poñer en marcha adaptacións metodolóxicas ou de acceso que lles permitirán aprender en igualdade de condicións co resto dos compañeiros/as.

A finalidade dun protocolo é a detección precisa do tipo de dislexia para aplicar un tratamento individualizado adaptado á súa idade e síntomas. Cada alumno/a terá distintas necesidades e requirirá apoios específicos.

O 40% dos nenos e nenas que abandonan os seus estudos, teñen dislexia e/ou outras dificultades de aprendizaxe (DEAs) e o sistema educativo debe ter en conta ás súas diferenzas e necesidades.

Necesítase un marco legal porque un 10% da poboación está afectada por este problema, dos que a maioría están sen diagnosticar e, porén, carecen das medidas que poderían reducir o impacto nos seus estudos.

Estas dificultades xeran, asemade, ansiedade nos nenos e nenas que as padecen e nas súas familias e no seu profesorado, sobre todo cando non hai detección temperá. Moitas son as medidas que hai que levar adiante respecto aos e ás profesionais cualificados, material diagnóstico, horas de tratamento e intervención, docentes especialista e de apoio. Porén, é imprescindible unha coordinación absoluta entre os ámbitos sanitario e educativo e unha coordinación permanente entre todos os axentes involucrados no proceso educativo.

A pesares de que o dereito a recibir unha atención específica de acordo á

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:34:38
Nº Rexistro: 49075
Data envio: 11/04/2019 16:34:38.910

dificultade vén recollido na Lei de Educación dende o ano 2006 (artigo 57, apartado 2), a realidade é que na nosa Comunidade Autónoma non existen protocolos de detección nin de intervención, vulnerando o dereito a unha aprendizaxe en igualdade de oportunidades.

En Galicia existe un protocolo de consenso sobre "O trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario" dende o ano 2014. Pero non existe protocolo ningún no caso da Dislexia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.-Poñer en marcha un protocolo similar ao que existe para a THA que permita diagnosticar e poder actuar na aula.

2.-Poñer en marcha adaptacións metodolóxicas ou de acceso que lles permitan aos alumnos/as con este problema, aprender en igualdade, coas condicións metodolóxicas máis axeitadas.

3.- Elaborar unha guía de apoio a profesionais.

4.- Dotar ese protocolo dos recursos orzamentarios necesarios que garantan o desenvolvemento das medidas de intervención.

5.- Permitir ao alumnado con dislexia que poida optar a becas.

CSV: BOPGDSPGYXiYIOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:34:38
Nº Rexistro: 49075
Data envio: 11/04/2019 16:34:38.910

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

6.- Que na ABAU se teña en conta as características do alumnado con NEAE, o mesmo que noutras comunidades.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/04/2019 16:28:59

Luca Chao Pérez na data 11/04/2019 16:29:05

Luis Villares Naveira na data 11/04/2019 16:29:11

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Rexistro: 49078
Data envio: 11/04/2019 17:14:40.902

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación dos arquivos en Galiza descrita polo Consello da Cultura Galega no seu último informe e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto, especialmente en materia feminista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega (CCG) publicou o Informe sobre os arquivos públicos de Galiza. Unha perspectiva de xénero e feminista elaborado polas autoras Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño a instancias da Comisión de igualdade da institución.

Nas conclusións do pormenorizado estudo, o CCG fai especial énfase na pervivencia e reprodución de lóxicas androcéntricas e patriarcais que discriminan e invisibilizan as mulleres e a súa contribución á historia do noso país, tamén nos arquivos. Neste senso, o CCG presenta unha visión global e actualizada dos arquivos públicos en Galiza relativa a diferentes aspectos (traxectoria dos arquivos do CCG, características dos arquivos, iniciativas de xénero/feminismo/igualdade, arquivistas, tratamento e uso dos fondos documentais, formación, ferramentas non sexistas da lingua nos arquivos), segundo explican desde a propia institución.

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Rexistro: 49078
Data envio: 11/04/2019 17:14:40.902

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nas conclusións do informe as autoras e o Consello da Cultura Galega sinalan que se está a incumprir a lexislación.

Neste senso, sinalan: “agás raras excepcións, representadas fundamentalmente nas web da UDC e da USC, os arquivos públicos en Galiza incumpren a Lei de transparencia no proceso de visibilización das e dos profesionais de arquivos. Non existen ferramentas accesibles que permitan coñecer o número de arquivistas, a súa formación, as prazas que ocupan e moito menos coñecer eses datos desagregados por sexos, e, de existir referencias, con frecuencia están desactualizadas”.

Así mesmo, continúa o estudo, “existen tamén nunha parte considerable dos arquivos analizados importantes carencias derivadas da falta de espazo físico, que bloquea os centros. É preciso que as administracións de que dependen tomen consciencia desta realidade e ofrezan solucións”.

Non é a primeira ocasión en que os problemas estruturais que atinxe aos arquivos galegos é denunciada. Coincidindo co Día internacional dos arquivos, o 9 de xuño de 2018, desde a Asociación Profesional de Arquiveiros da Xunta de Galiza reclamaron máis persoal e mellores condicións de traballo, a posta en andamento de máis arquivos, así como máis medios e mellores infraestruturas para os que xa existen.

Cómpre lembrar que desde hai cinco anos Galiza conta cunha lei de arquivos e documentos (7/2014) que nas súas disposicións transitorias fixaba un ano para a aprobación dun plan de arquivos, que debía avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza así como, tres anos para que os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galiza se adecuaran aos principios dispostos na devandita lei.

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Rexistro: 49078
Data envio: 11/04/2019 17:14:40.902

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, isto non ten acontecido. Moito menos, a política da Xunta de Galiza en materia de arquivos e documentos ten introducido a necesaria perspectiva de xénero para erradicar a perspectiva androcéntrica e patriarcal que impera, tamén, neste ámbito.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e remitir á Cámara antes de finalizar a actual lexislatura o Plan de arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza. Este plan incluirá, como mínimo, as seguintes cuestións:

a) a avaliación das necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza.

b) a configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galiza, priorizando aquelas accións que sexan máis urxentes.

c) incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal ao longo de todo o plan incluíndo un apartado específico dirixido á erradicación da visión androcéntrica e patriarcal que discrimina e invisibiliza as mulleres e as súas producións, espazos e relacións no Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza, a comezar polas ferramentas de búsqueda e difusión do patrimonio documental propio (Galiciana), estatal e internacional (Hispana, PARES, Europeana).

d) medidas encamiñadas ao uso non sexista da linguaxe tanto na xestión do material como nas dinámicas de traballo do persoal, de acordo co disposto na Lei 7/2004, galega de igualdade entre mulleres e homes.

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Rexistro: 49078
Data envio: 11/04/2019 17:14:40.902

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) planificación temporal para desenvolver as medidas e compromisos orzamentarios para as implementar.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2019 17:06:05

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2019 17:06:12

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2019 17:06:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2019 17:06:15

CSV: BOPGDSPGYXiYIOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:14:40
Nº Rexistro: 49078
Data envio: 11/04/2019 17:14:40.902

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2019 17:06:16

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2019 17:06:18

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:38:30
Nº Rexistro: 49088
Data envio: 11/04/2019 17:38:30.375

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de abril de 2019 aprobouse a Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, co único apoio do PP e que terá consecuencias moi duras para o noso Patrimonio xa que, entre outras cousas, vai baleirar de contido o marco de intervención dos conxuntos históricos.

Esta lei contradí o Contido do Plan Especial de protección da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, texto específico para calquera actuación sobre o patrimonio no ámbito autonómico. Esta Lei tamén contradí a Lei de solo que di que a figura que ordena e planifica é un plan especial, cap 5. art 40, esnaquiza o patrimonio. Tamén contradí a propia Constitución, que recolle que a Administración ten que coidar o patrimonio. Cando unha lei se redacta dicindo que un plan especial non serve para nada, non podemos esperar que solucione, rexenere, e que sexa beneficiosa e positiva para Galicia.

A modificación do novo texto lexislativo só pode ser realizada mediante unha figura de desenvolvemento de planeamento específico como é a dun Plan Especial. É difícil de crer que este goberno aprobe esta Lei vetando a participación das entidades e personalidades que tiñan que asesorar e instar a que, de verdade fose “beneficiosa” para o noso país e non para os intereses

CSV: BOPGDSPGYXiYIOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:38:30
Nº Rexistro: 49088
Data envio: 11/04/2019 17:38:30.375

privados. O que pretenden, entre outras cousas, é converter os concellos en axentes inmobiliarios para vender o noso patrimonio a prezo de saldo. A aposta do Partido Popular polo mercado da desertización é un "infame exercicio de irresponsabilidade política".

A inseguridade xurídica que crea é alarmante. Non se pode tratar de maneira uniforme, os conxuntos son distintos. Non podemos perder a memoria social que representa os valores dos conxuntos históricos. É a través da materialidade, como nos lembran arqueólogas e arqueólogos, que podemos explicar como foron as sociedades do pasado. Esta lei vai en contra, asemade, da lei de Kracovia. Un cóctel lexislativo perfecto para permitir a barra libre e seguir desaproveitando posibilidades reais de rehabilitación e rexeneración habitacional e patrimonial.

Podería e debería facerse posible outro modelo. Unha lei para conectar as actuacións de rehabilitación do rural con políticas económicas, sociais e ambientais que garantan un rural vivo e con futuro. Unha lei de rehabilitación, renovación e rexeneración real e non un cheque en branco para os axentes da especulación inmobiliaria e urbanística.

Non hai rehabilitación se non hai emprego, non hai renovación se se pechan escolas, non hai rexeneración se minguan os orzamentos para a atención da dependencia. Redactaron un proxecto de lei para habilitar e rehabilitar malas políticas inmobiliarias e a especulación irresponsable á procura de beneficios inmediatos a costa da destrución de posibilidades de futuro. Coas leis do Partido Popular, Galiza é un territorio de usar e tirar e as persoas tan só unha reserva de man de obra precarizada abocada á emigración.

A aprobación desta lei é outro exemplo, do sistemático programa de desmantelamento dos servizos públicos e do profundo desprezo polo patrimonio

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:38:30
Nº Rexistro: 49088
Data envio: 11/04/2019 17:38:30.375

cultural que amosa o PP.

Só os inmobles declarados Ben de Interese Cultural (BIC) ou con protección integral terán que seguir contando cun permiso previo do departamento de Patrimonio da Xunta para someterse a obras de reforma. Esa é a principal medida que o Goberno galego introduce na súa Lei de rehabilitación. A lei elimina controis en todo tipo de obras tanto no exterior como no interior de milleiros de inmobles en toda Galicia, tamén os que se atopan en cascos históricos declarados BIC pero non contan con protección individual, ou os situados nas parroquias polas que pasan os camiños de Santiago.

Os propietarios poderán reformar vivendas tanto nos cascos históricos como nos camiños de Santiago sen permiso autonómico previo. O propio Goberno galego cifra en máis de 3.000 ao ano as actuacións que con esta modificación legal quedarían libres do control por parte de Patrimonio. A exención do control de Patrimonio tamén afectará a todas as vivendas que ata o de agora o precisaban por situarse en parroquias polas que pasan os distintos camiños de Santiago. En todos os casos, sen embargo, seguirá sendo necesaria a licenza municipal de obras.

A eliminación do control de Patrimonio chegará a todo tipo de traballos: “cambios de cuberta e actuacións en carpinterías exteriores, fachadas ou no interior de edificacións”. Do mesmo xeito, “a nova normativa permitirá agregar edificios entre si a través dunha unión interior” e “posibilitará a unión de locais de negocio aínda que pertenzan a distintas vivendas ou a demolición e reforma da fachada en edificios con protección ambiental se se atopan en situación de ruína”.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGYXiYlOw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:38:30
Nº Rexistro: 49088
Data envio: 11/04/2019 17:38:30.375

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Garantir a protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico galego sen obviar as protecciónns derivadas da Lei do patrimonio cultural de Galicia e dos plans especiais de protección xa existentes.
- Non destruír valores arquitectónicos, arqueolóxicos e ambientais que atesouran os centros históricos, os núcleos parroquiais e os territorios históricos dos camiños de Santiago, moitos deles recoñecidos coa máxima categoría de protección legal como bens de interese cultural (BIC), e, incluso, algúns incluídos na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco -cidade histórica de Santiago de Compostela, Camiño de Santiago Francés, Norte pola Costa e Primitivo-.
- Resolver as contradicións e a inseguridade xurídica que provocará a aprobación desta lei en relación coas protecciónns derivadas, fundamentalmente, da devandita Lei do patrimonio cultural de Galicia, pero tamén da Lei do solo de Galicia e máis das figuras de planeamento que protexen e regulan moitos dos bens e ámbitos que se poden ver afectados.
- Non incorrer nun suposto de espoliación de bens integrantes do patrimonio histórico español (PHE), entendida como toda acción ou omisión que poña en perigo de perda ou destrución de todos ou de algún dos valores dos bens que integran o PHE ou perturbe o cumprimento da súa función social.
- Aceptar o requirimento do Consello da Cultura Galega así como da Consellería de Cultura e Turismo, e de modo expreso dos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural.

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 17:38:30
Nº Rexistro: 49088
Data envio: 11/04/2019 17:38:30.375

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Non incorrer nun suposto de inconstitucionalidade por incumprir o artigo 46 da norma constitucional, que establece como obrigas fundamentais que vincula a tódolos poderes públicos a protección e o enriquecemento dos bens que integran o patrimonio histórico español.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019.

Asdo.:Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/04/2019 17:18:50

Luca Chao Pérez na data 11/04/2019 17:18:56

Luis Villares Naveira na data 11/04/2019 17:19:04

CSV: BOPGDSPGYXiYlCw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 18:25:32
Nº Rexistro: 49097
Data envio: 11/04/2019 18:25:32.042

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

No artigo 54, anexo V, da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 consignáronse os créditos iniciais destinados ás corporacións locais de Galicia. A contía deses créditos, logo de diversas modificacións orzamentarias, ascenderon ao longo do ano 2018 á contía de 373.646.956 €,. Pero na súa execución real ao longo do exercicio deixaron sen gastar unha contía moi importante, de máis de 54 millóns de euros. Así esta, entre outras cuestións, pode axudar a entender por que se alcanzou un superávit por parte das contas da Xunta de Galicia, cando non se executan os gastos previstos.

Non é o primeiro ano, senón que constitúe unha constante, que por parte do Goberno galego non se executen ao longo do exercicio as diversas contías asignadas orzamentariamente aos concellos, a través dos diversos programas da Xunta de Galicia. O que constitúe un exemplo de deficiente xestión, pois como é sabido son cantidades non recuperables que ao final do exercicio se perden, e que veñen a contribuír á escaseza xeneralizada de financiamento de moitas das nosas corporacións locais.

É preciso, polo tanto, modificar tal xeito repetitivo de actuar por parte da Xunta de Galicia, polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Realizar as actuacións precisas para acadar un máis alto grado de execución nas partidas aprobadas e que van dirixidas ás corporacións locais de Galicia, achegándose ao 100 % na súa materialización.

2º) Remitir á Cámara galega no primeiro trimestre do ano seguinte, un informe ao respecto da execución das diversas partidas dirixidas ás corporacións locais de Galicia, reflectindo as oportunas explicacións que en cada caso correspondan.

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 18:25:32
Nº Rexistro: 49097
Data envio: 11/04/2019 18:25:32.042

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/04/2019 18:16:56

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/04/2019 18:17:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/04/2019 18:17:13

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 18:25:49
Nº Rexistro: 49098
Data envio: 11/04/2019 18:25:49.632

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e María Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que "os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria" e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que "o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva", e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Augas de Galicia é a entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que asume as competencias sobre o conxunto da Administración Hidráulica de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 18:25:49
Nº Rexistro: 49098
Data envio: 11/04/2019 18:25:49.632

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

1º) A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade elabore e publique no prazo máximo de tres meses o Plan estratéxico de subvencións da súa consellería e dos organismos dela dependente, segundo establece a Lei 9/2007, do 9 de xuño, de subvencións de Galicia?

2º) Publique no prazo máximo de tres meses os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para o establecemento de convenios con determinados concellos galegos durante o exercicio 2018.

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/04/2019 18:08:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/04/2019 18:08:46

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/04/2019 18:08:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/04/2019 18:09:06

María Luisa Pierres López na data 11/04/2019 18:09:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/04/2019 18:09:25

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGYXiYICw9x5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/